

Dependencia  
CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de  
Santiago de Compostela  
77.- TMARE

Sello o Certificación Mecánica

Documento	Expediente	Fecha
CMG10I0CP		29-02-16 08:58

Número 7 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á supresión de banda de aparcamento de ORA na rúa García Blanco.

Destinatario

15078DCMG10I0CP



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 26 de febreiro de 2016 adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 7 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO AMBIENTE E CONVIVENCIA RELATIVA Á SUPRESIÓN DE BANDA DE APARCAMENTO DE ORA NA RÚA GARCÍA BLANCO.**

Dase conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do informe da xefatura de Servizo de Mobilidade e Seguridade, de data 23.2.16, ao cal presta a súa conformidade o concelleiro delegado de Medio Ambiente, na mesma data, e cuxo teor literal é o seguinte:

"ASUNTO.- SUPRESIÓN DE APARCAMENTO DA ORA NA RÚA GARCIA BLANCO.

Na páxina de queixas e suxestíons do concello presentouse unha queixa por un veciño residente na Rúa García Blanco, na que poñiase de manifesto que dita rúa é moi estreita, os vehículos, furgóns, camión de lixo e outros súbense á beirarrúa, pois non hai posibilidade de poder aparcar en doble fila, polo que os peóns non poden circular por elas e teñen que facelo pola calzada, co conseguinte perigo e inseguridade.

En base a dita circunstancia, o veciño propoñía suprimir a banda de aparcamento da rúa e a súa peatonalización.

O técnico municipal deste departamento informou ó respecto que esta rúa é unha vía dunha soa dirección, cunha liña de aparcamento con cabida para uns 18 vehículos regulada mediante o sistema ORA. A beirarrúa ten un ancho de 1,40 m.

Documento	Expediente	Fecha
CMG10I0CP		29-02-16 08:58

O carril que queda libre entre a beirarrúa e a liña de aparcamento é de 2,20 m. espazo insuficiente para a circulación de vehículos, o que provoca que os más grandes: furgóns, furgonetas, camións que utilizan a carga e descarga da rúa Concepción Arenal, lindante con ela, que necesariamente teñen que sair por ela, en moitas ocasións se ven obrigados a subir a beirarrúa para poder circular.

Esta situación non é nova; poren, non por elo deixa de ser perigoso o tránsito de peóns pola mesma xa que, en numerosas ocasións teñen que transitar pola calzada por non ter espazo na beirarrúa.

Ante esta situación solicitouse informe o Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, e o Xefe do Servizo informou, con data 15 de febreiro de 2016, que, dada o ancho da rúa e a existencia de banda de aparcamento no marxe dereita da mesma, os camións do servizo para poder levar a cabo calquera actuación na mesma teñen que subirse á beirarrúa da esquerda para poder circular por ela.

En consecuencia, á vista dos informes técnicos emitidos e da queixa cidadán recibida, considerase que por mor da seguridade vial, sería necesario suprimir a banda de aparcamento da ORA na rúa García Blanco.

Cuestión distinta é a proposta de peatonalización da rúa, xa que esta sería unha medida de oportunidade, que non corresponde xulgar a esta xefatura de servizo; poren, se procede informar que a peatonalización da rúa suporía un problema grave de circulación na zona, pois a rúa Concepción Arenal ten a súa saída a través da rúa García Blanco, polo que, neste intre, sen levar a cabo un estudio de mobilidade, que suporía, entre outras medidas o cambio de dirección de algunas rúas afectadas, no sería posible a peatonalización da rúa, pois a rúa Concepción Arenal quedariase sen saída.

Diversos artigos do Real Decreto 1428/2003, de 21 noviembre, por el que se aprueba el Reglamento General de Circulación para la aplicación y desarrollo del texto articulado de la Ley sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor y Seguridad Vial, aprobado por el Real Decreto Legislativo 339/1990, de 2 de marzo de 1990, refirense a esta cuestión relativa á seguridade vial nas vías públicas e a prohibición de parada ou aparcamento en situacóns que poden supoñer un risco ou perigo para a seguridade vial.

Ase, o artigo 91 determina cales deben ser os lugares para levar a cabo a parada ou estacionamento, sinalando que:

1. La parada y el estacionamiento deberán efectuarse de tal manera que el vehículo no obstruya la circulación ni constituya un riesgo para el resto de los usuarios de la vía, cuidando especialmente la colocación del

<p>Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE</p>		
Documento CMG10I0CP	Expediente	Fecha 29-02-16 08:58

vehículo y evitar que pueda ponerse en movimiento en ausencia del conductor (artículo 38.3 del texto articulado).

A letra m) do parágrafo 2, recolle a prohibición de levar a cabo paradas ou estacionamentos que constitúan perigo ou obstaculicen gravemente o tráfico de peóns, vehículos ou animais.

Pola súa banda, o artigo 94 establece; no seu apartado primeiro, cales son os lugares nos que está prohibido parar, entre eles, os carrís e parte das vias reservadas exclusivamente para a circulación ou servizo de determinados usuarios, como son as beirarrúas; e no segundo apartado, aqueles zonas prohibidas para estacionar, por exemplo sobre as beirarrúas, paseos e demás zonas destinadas ó paso de peóns.

Poren, ainda que a normativa de circulación non está a permitir a parada ou estacionamento nestas condicións, a realidade é que nas rúas estreitas como a rúa García Blanco, onde un dos seus marxes está ocupado por vehículos, en moitas ocasións non queda outra alternativa que facelo na beirarrúa o que ocasiona perigo para os peóns.

A Ordenanza de Circulación e Uso da Vía Pública dispón no seu primeiro artigo que, o concello de Santiago ten competencia atribuída entre outras normas por Lei de bases do réxime local, a Lei de bases do tráfico e seguridade vial, o Real decreto lexislativo 339/90 do 2 de marzo sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, e o Real decreto lei 12/97, do 1 de agosto para a regulación dos usos das vias urbanas, incluído o réxime de parada e estacionamento, facendo compatible a equitativa distribución dos aparcamentos entre todos os usuarios, coa necesaria fluidez do tráfico rodado e co uso peonil das rúas.

Neste marco o artigo 35 da Ordenanza dispón tamén que o Concello debe establecer as medidas de estacionamento limitado co fin de garantir a rotación dos aparcamentos, a protección do patrimonio histórico, no seu caso, así como de outros usuarios da vía pública.

Entre estas medidas pode contemplarse a posibilidade de suprimir determinadas prazas de aparcamento da ORA, e ase a Disposición Adicional Primeira da Ordenanza do Sistema de Ordenación e Regulación do Servizo da O.R.A. e Aparcamiento de Residentes, establece na súa letra c) que a Xunta de Goberno Local, previos os informes técnicos correspondentes, a proposta do Concelleiro

Documento	Expediente	Fecha
CMG10I0CP		29-02-16 08:58

responsable, poderá, suprimir ou crear as prazas de estacionamento do sistema ORA para a mellor acomodación do viario os usos e tránsitos rodados e peónís execución de obras en dominio público, traslado de contenedores de residuos, etc).

En consecuencia, proponse que se suprima o carril de aparcamento na marxe dereita, no sentido da marcha, da rúa García Blanco, por razón de seguridade vial, en base ó exposto.

Deberáse dar a debida publicidade á medida para xeral coñecemento da cidadanía.

Tendo en conta que o servizo da ORA está xestionado pola empresa Setex Aparki S.A., deberase poñer en coñecemento da entidade o acordo que se adopte.”

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:**

Aprobar a supresión do carril de aparcamento na marxe dereita, no sentido da marcha, da rúa García Blanco, por razón de seguridade vial, en virtude do exposto no informe transcrto.

Darase a debida publicidade á medida para xeral coñecemento da cidadanía.

Notificarase este acordo á empresa SETEX APARKI SA, por mor de que está xestionando o servizo da ORA.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOVERNO DA CIDADE DE  
SANTIAGO

Asdo:Xan Xesús Duro Fernández

CONCELLO DE  
SANTIAGO